

AS MULLERES EN GALICIA NO SÉCULO XX

Jesús de Juana López
Julio Prada Rodríguez

(directores)



UNIVERSITARIA

CAPÍTULO VIII

AS MULLERES NO TARDOFRANQUISMO E A TRANSICIÓN Á DEMOCRACIA

María Concepción Álvarez Gómez
Universidade de Vigo-UNED Ourense

1. Introducción

Hai xa case dúas décadas que M^a. C. García-Nieto advertiu da dificultade de «clasificar» ás mulleres españolas que desenvolveron a súa experiencia vital durante o franquismo. Na súa opinión, poderíanse distinguir tres grupos en función de cales foron as súas respostas á política do Estado. En primeiro lugar, as que respondían ao modelo de «integración e consenso», que «con un *si* ao sistema económico, asumiron o modelo de *esposa-nai* que satisfacía á organización patriarcal, androcéntrica e masculina da sociedade franquista». En segundo lugar, as que procuraban «independencia e presenza na sociedade», as cales, sen cuestionar o modelo económico, procuraron novos camiños e asumiron pautas de comportamento que lles permitiron saír do fogar, xa fose tentando imitar o modelo norteamericano de muller que chegaba a través do cine, buscando outras plataformas de presenza e socialización a través de organizacións vinculadas á Igrexa —como Acción Católica, as Congregacións Marianas e os Movementsos Apostólicos— ou á Sección Feminina —buscando aproveitar as posibilidades que esta ofrecía para participar na vida política e social do país—, ou inseríndose no mercado de traballo ou na educación superior a partir dos anos sesenta para atopar novos vieiros de independencia e afirmación da súa identi-

dade. Finalmente, as «outras» mulleres, que se nutriron das *derrotadas*, fortemente represaliadas como consecuencia da identificación co bando republicano durante a guerra civil, daquelas que, sendo de extracción obreira e popular, tiveron unha vida «*marcada pola fame, a miseria e o medo*» e para as que o traballo representou unha estratexia de integración na sociedade, e, por fin, daquelas que, en diferentes etapas, «*participaron na resistencia*, e dende unha acción de solidariedade pasaron a defender a liberdade para as mulleres dende os partidos políticos, organizacións sindicais e movementos de mulleres»¹.

A pesar deste e doutros esforzos de sistematización, o certo é que resulta moi difícil, dende unha perspectiva de xénero, reducir a categorías as traxectorias vitais das mulleres do tardofranquismo e a transición democrática, como, polo demais, acontece co conxunto da sociedade. Hóboas que, efectivamente, asumiron sen cuestionarse o rol tradicional de esposa e nai e a súa posición subordinada no sistema económico tal como fixeran as súas nais e as súas avoas; pero tamén houbo mulleres que non ocupaban esa posición de subordinación, nin por traxectoria persoal nin por estatus nin por inserción familiar. Tamén as houbo que, aceptando o sistema económico, buscaron a súa proxección social polas máis diversas vías; pero, asemade, para moitas que comungaban con ese modelo de muller tradicional a inserción no mercado laboral non respondeu a unha estratexia de proxección social senón a unha necesidade sobrevida —xa fose transitoria ou de longa duración no conxunto da súa experiencia vital— e, de feito, tentaron reproducir ese modelo coas súas fillas con maior ou menor éxito. E, en fin, houbo esas «outras» mulleres que padeceron a represión, a miseria e o medo e buscaron no mercado laboral un mecanismo de inserción social mentres outras apostaban pola militancia na oposición ao réxime; pero tamén as houbo que, sendo viúvas, fillas, irmás ou vítimas en primeira persoa da represión, non optaron por ningunha desas alternativas senón por reproducir o modelo tradicional herdado —e non «creado» polo franquismo—; mulleres, como tantas nas nosas aldeas, que, como sempre fixeran, se limitaron a tentar sobrevivir sen necesidade de se inserir no círculo das «derrotadas» nin das «vencedoras», e que non souberon ou non quixeron optar por calquera desas vías de promoción que se foron abrindo co paso dos anos. Demasiados matices; demasiadas realidades cambiantes; demasiadas traxectorias como para que no actual estado da investigación puidéramos aspirar a profundar en todas elas.

¹ GARCÍA-NIETO PARÍS, M^o. C., "Trabajo y oposición popular de las mujeres durante la dictadura franquista", en G. Duby y M. Perrot (dirs.), *Historia de las mujeres en Occidente*, vol. 5. «El siglo XX», Madrid, Taurus, 1993, p. 664.

Outro dos aspectos a debate é o da incidencia real dos movementos de mulleres na crise do franquismo e a transición á democracia. Dende os anos noventa —e, en especial, dende o ano 2000, co gallo do vinte e cinco aniversario do inicio da transición— comezaron a publicarse diferentes estudos que insistían na necesidade de revisar as visións dominantes acerca do seu carácter modélico e do esquecemento ou minusvaloración do papel xogado polo pobo español, o verdadeiro protagonista colectivo da mesma. As posicións máis críticas denunciaron que todo o proceso estivo controlado por unha parte do propio aparato franquista coa conivencia ou, cando menos, o entreguismo da esquerda e do sindicalismo de clase. Isto tería propiciado unha solución conservadora causante dunha serie de eivas do noso modelo democrático, como a aceptación das disposicións sucesorias respecto á forma política do Estado, o insuficiente grao de ruptura —cando non a continuidade— coas institucións franquistas, a reciclaxe de boa parte do persoal político —que posibilitou que moitos xestores da democracia fosen os mesmos que os do réxime ditatorial— e o esquecemento daqueles aspectos máis problemáticos do noso pasado —por exemplo o castigo dos represores e a posta en práctica de políticas de reparación para as vítimas— en prol da convivencia.

Neste contexto, é un lugar común entre as especialistas na historia das mulleres e as relacións de xénero afirmar que as investigacións realizadas sobre este período silenciaron o papel xogado polas mulleres, aínda máis do que o fixeran co suxeito colectivo «pobo español». Unhas atribúeno ao papel radical e rupturista que representaba o movemento feminista, o cal non cadraba demasiado ben coas visións daquela dominantes, obsesionadas coa idea do consenso; outras prefiren inserilo dentro da larga tradición de esquecemento do papel das mulleres no devir histórico; outras, en fin, entenden que forma parte da estratexia do patriarcado para mantelas afastadas do poder. Porén, o certo é que o pulo experimentado nos últimos anos pola historiografía de xénero comezou a corrixir esta situación, aínda que, como expresión deses clásicos bandazos historiográficos, non faltan investigacións que atribúen ao feminismo unha incidencia no proceso de cambio que non parece corresponderse coa dinámica dos acontecementos. Incluso hai quen sostén que «aínda que é certo que todo o proceso conduciuse desde o poder e levou a cabo coa anuencia expectante da maior parte da sociedade española, o é, tamén, que a acción dalgunhas minorías se non salvan, polo menos, achega algo de dignidade a aqueles anos»².

² LARUMBE GORRAITZ, M^a. A., “Feminismo y transición a la democracia: la rebelión de las mujeres”, en http://webs.uvigo.es/xenero/profesorado/angeles_larumbe/feminismo_transicion.doc. Da mesma autora vid. *Una inmensa minoría: influencia y feminismo en la transición*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2002 e *Las que dijeron no: palabra y acción del feminismo en la Transición*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2004.

Paralelamente, a Socioloxía e a Psicoloxía Social proporcionaron algunhas das ferramentas teóricas para ampliar a visión sobre os movementos de mulleres: a primeira, inserindo o feminismo dentro dos «novos momentos sociais» que se desenvolven dende os anos setenta —os cales non podían ser analizados cos mesmos instrumentos que serviran para explicar e interpretar, por exemplo, o movemento obreiro—; a segunda, revalorizando o papel das «minorías activas» fronte ás concepcións máis tradicionais, para as cales as maiorías eran as que impuñan os seus valores dominantes, considerando aos que non os aceptaban como «desviados sociais». Esa minoría de mulleres que foi quen de mobilizarse no tardo-franquismo e a transición democrática pasou a converterse nun actor principalísimo do cambio social e das transformacións experimentadas pola sociedade española daqueles anos.

Dende esta perspectiva, as súas moitas pequenas actuacións, «que por si soas non tiveron quizais un grande impacto», «tomadas en conxunto, crean unha narrativa que demostra a activa participación de mulleres organizadas en todo o proceso da transición e a consolidación da democracia». Daquela, a dicir de M. Threlfall, aínda que non influíse directamente na mecánica da transición impoñendo cambios ao proceso institucional, o seu impacto sobre a política na etapa preconstitucional podería sintetizarse nunha serie de puntos que pasamos a resumir: a politización do electorado feminino despois de décadas de reclusión no fogar; o freo aos intentos do réxime de empregar a problemática feminina para mellorar a súa imaxe, como aconteceu co gallo dos actos en conmemoración do Ano Internacional da Muller; o ensanche das actividades da oposición, sensibilizando ao público sobre a opresión da muller e introducindo a cuestión da igualdade dentro dos partidos, co cal tamén modernizou o seu discurso político; a súa contribución á formación de cadros políticos intermedios que participarían na xestión do sistema democrático; o seu papel como axente mobilizador de colectivos sociais e de novas ideas defensoras da idea de ruptura democrática; o incremento das voces de oposición á ditadura; o ter contribuído a sentar as bases dunha nova revolución social e política, a transformar a axenda política da transición, a mudar radicalmente o paradigma que sobre a sociedade tiña a esquerda —e, ao mesmo tempo, a evitar que as mulleres se convertesen nun elemento de freo ao progreso e a modernización como chegara a temerse en determinados sectores desa mesma esquerda— e a involucrar aos partidos na implementación dalgunhas medidas feministas prioritarias que co paso dos anos desembocarían na formulación de novas políticas de Estado que contribuíron á modernización da relación entre este e os cidadáns³. En definitiva, situarían o discurso de xénero en pleno centro do debate político.

³ THRELFALL, M., “El papel transformador del movimiento de mujeres en la transición política española”, en MARTÍNEZ TEN, C.; GUTIÉRREZ LÓPEZ, P.; GONZÁLEZ RUIZ, P. (eds.), *El movimiento feminista en España en los años 70*, Madrid, Ediciones Cátedra S.A., 2009; as comiñas en p. 30; a síntese do impacto do movemento de mulleres en pp. 37 e ss.

2. Os tempos que mudan...

No capítulo precedente o lector tivo ocasión de achegarse ao proceso de construción do paradigma de muller franquista e aos mecanismos empregados polo réxime para reproducilo e buscar a súa perpetuación. Sacrificio, obediencia e submisión ao varón, perpetuación dos roles tradicionais da muller e forte peso do compoñente católico en practicamente todos os ámbitos foron, ao meu xuízo, os tres elementos esenciais que conforman aquel; a produción normativa, o sistema educativo, os diferentes medios de propaganda e as múltiples redes de proselitismo propias e afíns convertéronse nos instrumentos primarios para tratar de garantir, primeiro, a súa imposición, e máis tarde, a súa progresiva socialización.

Porén, o franquismo non foi inmutable no tempo nin dende o punto de vista político-institucional nin ideolóxico. E polo mesmo, tampouco a concepción do papel das mulleres foi a mesma cando remata a guerra civil que a principios dos anos sesenta que nos seus estertores. Pudémolo comprobar, por exemplo, coa aprobación da Lei sobre Dereitos Políticos, Profesionais e de traballo da Muller de xullo de 1961, que entrou en vigor en xaneiro do ano seguinte⁴. M. Alonso cualificaba á mesma de «unha Lei de clases medias, porque [aínda que], en canto aos cargos políticos (...) non introduce innovación substancial importante, e en canto á regulación dos contratos de traballo (...), e especialmente na forma como se enfoca a autorización marital, as súas disposicións son nalgún punto máis restritivas que as contidas na Lei de Contrato de Traballo. En cambio, respecto da muller en posesión de títulos de ensino medio ou superior (...), o avance (...) é realmente transcendental»⁵.

Certamente tratouse dunha norma moi importante na medida en que, á marxe dunha serie de profesións e empregos, avanzou na igualdade laboral das mulleres e na remoción das discriminacións legais que aínda persistían dende o remate da guerra civil. No entanto, como sinalaba un coñecido tratadista da época, a discriminación normativa, con ser importante, non resultaba tan decisiva como a de natureza social, pois,

«(...) examinado o Dereito público positivo español anterior á súa entrada en vigor, inmediatamente apréciase como non existía practicamente ningunha limitación en tal sentido; son moi numerosos os cargos públicos de elección ou designación

⁴ Lei de 22 de xullo de 1961 (Lei 56/1961) publicada dous días máis tarde. O ditame da Comisión de Leis Fundamentais e Presidencia do Goberno das Cortes Españolas aparece publicado no Boletín Oficial das Cortes Españolas núm. 705, de 6 de xullo de 1961.

⁵ ALONSO OLEA, M., "La Ley del 24 de julio de 1961 sobre derechos políticos, profesionales y de trabajo de la mujer", *Revista de Administración Pública*, nº 36, 1961, pp. 327-354, p. 8.

aos que a muller non ten acceso; pero iso non obedeceu nin obedece a ningunha disposición existente en tal sentido, senón ao costume ou práctica, á súa vez derivada, se se quere, da estrutura social española»⁶.

Por outra banda, non faltan os que defenden que estes cambios lexislativos estaban orientados a incrementar a masa laboral para favorecer o crecemento económico e a política de desenvolvemento deseñada polos «tecnócratas», incorporando ás mulleres ao mercado de traballo nunha posición subordinada e diferenciada respecto ao home «e sen romper (...) o modelo de *esposa-madre*». Daquela, esta norma non representaría outra cousa que un exemplo dun sistema legal e unha práctica política que «modelou un ambiente de represión, control e subordinación para as mulleres»⁷. E tampouco podemos esquecer que, á marxe da súa efectividade práctica, «non solucionaba os problemas que sufrían as mulleres que máis necesitaban traballar, no campo ou na industria, non o pequeno número de españolas que poderían ser fiscais ou arquitectos naqueles anos»⁸.

En efecto, a realidade cotiá seguía a ser o estrangulamento do mercado laboral feminino como consecuencia, no esencial, dos prexuízos dos homes, os cales preferían ter varios empregos ou manter uns ingresos inferiores aos potenciais antes que permitir que as súas mulleres traballasen fora do fogar, e dos propios demandantes de emprego, reticentes á súa contratación polos prexuízos propios dunha sociedade patriarcal respecto á «natureza» feminina. Todo isto proxectaba, reforzaba e reproducía socialmente o modelo familiar vixente, para o cal unha muller que desempeñaba unha ocupación laboral fóra do ámbito doméstico era un inequívoco síntoma da ruptura do paradigma considerado «desexable», na medida en que o «cabeza de familia» non era quen de cumprir coas súas funcións de protección e subministración da unidade familiar ou —o que aínda era peor— non era quen de asegurar que a súa muller estivese sometida a ese paradigma tradicional.

Xa que logo, non deben sorprender os datos achegados polo 2º informe Foessa de 1970. Segundo este, o nivel de poboación activa feminina en España era o máis baixo de toda a Europa do Sur —incluídos Portugal e Grecia— como consecuencia, sobre todo, da escasa proporción de mulleres activas entre os vinte e cinco e cincuenta anos. Os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) dese mesmo ano situaban nun 49,8%

⁶ BOU VIDAL, M., "Sobre igualdad de derechos de la mujer", *Revista de Política Social*, nº 50, 1961, pp. 67 e ss.

⁷ GARCÍA-NIETO PARÍS, Mª. C., "Trabajo y oposición popular de las mujeres...", op. cit., p. 661.

⁸ MUÑOZ RUIZ, Mª. C., "La recepción en la prensa femenina de la Ley de Derechos Políticos, Profesionales y de Trabajo de la Mujer, de 22 de julio de 1961", en *Actas del V Encuentro de Investigadores del franquismo*, Albacete 13-15 de noviembre de 2003, ed. en CD-ROM.

a porcentaxe de poboación feminina dedicada aos seus labores no fogar e só unha de cada cinco con título universitario desempeñaba un traballo fóra do ámbito doméstico, en contraste co máis dun millón de empregadas de fogar, ben a xornada completa ou parcial. Se nos centramos en Galicia, as cifras achegadas polo censo dese mesmo ano ofrecían unha radiografía aínda máis desoladora: no caso de Ourense, por exemplo, só o 16,01% das mulleres estaban clasificadas como «poboación economicamente activa», un dato que adquire a súa verdadeira significación se temos en conta que dos 413.660 habitantes «de feito» que tiña a provincia, 214.252 (o 51,79%) eran mulleres.

Daquela, non sorprende que, segundo apuntaba M^a. A. Larumbe, o limitado horizonte no que se desenvolvía a vida das mulleres, a falta de expectativas fóra do ámbito familiar e a minusvaloración da actividade que desempeñaban facilitase a aparición de determinadas patoloxías cuxo denominador común era o aburrimiento, a insatisfacción e a frustración. Nesta liña incidían diversos estudos publicados a principios dos anos setenta, que coincidían en facerse eco dese sentir xeneralizado e «puñan de manifesto o dano emocional e o desequilibrio psicolóxico que comportaba para moitas cumprir ese papel, sentenciado pola lei e asumido pola sociedade, limitado á reprodución e ao cumprimento dos deberes de esposa e nai»⁹.

Porén, a simple estatística non permite profundar no significado que esa limitada incorporación ao mercado laboral tivo para as mulleres traballadoras nin tampouco no auténtico significado do mesmo. Os relatos de vida permiten descubrir a centralidade do «traballo» na experiencia vital das mulleres dende moi novas. Nos ámbitos rurais, o traballo dentro da unidade doméstica familiar é percibido como unha actividade ata certo punto «informal», no senso de que está á marxe dos circuitos propios do mercado de traballo. A maioría dos testemuños preséntano como unha «obriga» máis; unha especie de «apoio» ou «asistencia», unha «axuda» debida, incuestionada, que se percibe como algo «natural» e, xa que logo, que non pode ser considerada propiamente como unha «actividade económica» na que interveñan elementos propios do mercado (salario, xornada de traballo, condicións laborais...):

«Dende moi nenas todas traballamos na casa... Tiñamos que ir co gando ó monte, axudabas coa limpeza e na cociña. (...) Por épocas ías para o campo... (...) Á escola fomos pouco tempo, e cando había moito traballo na casa as primeiras que faltabamos eramos nós... E de mozas era igual... ti traballabas como un máis, comías e durmías na casa e axudabas no que podías (...). Así foi sempre. (...) Despois, cando morreu o noso pai quedamos nós

⁹ LARUMBE GORRAITZ, M^a. A., "Feminismo y transición a la democracia...", op. cit., p. 8.

soas e a nosa nai a cargo da casa... como quen di. Os dous homes traballaban fóra e a veces botaban unha man.. Comían da casa, pero as que traballabamos eramos as mulleres... En todo... No campo e na casa... Limpabas, cosías, facías o xantar, amañabas os animais, e polo medio o campo... De sol a sol...»¹⁰.

Estes testemuños permiten albiscar o significado real que para as mulleres tiña o «traballo na casa», configurada non só como un espazo físico senón como unha unidade de convivencia social baseada no apoio mutuo, que abrangue a vivenda, as outras dependencias edificadas, os terreos da súa pertenza, as persoas que integran a familia, o gando e os medios de produción e explotación. Carentes de calquera posibilidade de promoción persoal —por decisión propia ou máis ou menos imposta—, poucas máis opcións tiñan que reproducir o modelo tradicional ou buscar na emigración a Europa, ás principais cidades galegas ou ás grandes capitais do Estado unha posibilidade de mellora relativa que, con todo, contribuíu decisivamente a erosionar ese modelo:

«Emigrei porque a casa non daba para todos, que eramos seis irmaos, catro mulleres e dous homes... E como os homes xa marcharan e eu era a mediana, que a miña irmá maior quedou cos pais, pois foi como din en marchar para Suíza. (...) Eu aínda fun solteira, que casei alí, aínda que o meu marido era da mesma parroquia... Pero a maioría casaba aquí e marchaban os dous a buscar a vida.. E o malo era se tiñas un neno, que moitas veces o tiñas que deixar cos avós ou cunha tía e separarte del hasta que estabas asentada... (...) A nós foinos ben... Collimos unha boa época e aínda fixemos uns cuartíños... Non é que volveramos ricos, pero fixemos a casa, démoslles estudos aos fillos e podemos vivir sen moitos agobios, cousa que non podías na aldea»¹¹.

Naturalmente, cando esas actividades domésticas ás que aludía a primeira das entrevistadas se realizaban fóra do ámbito familiar pasaban a ter a consideración dun verdadeiro «traballo». De feito, «servir» ou «coser» en calquera das principais cidades e vilas galegas converteuse para moitas mulleres de extracción rural noutra desas estratexias máis socorridas para abandonar a aldea.

Pero tamén abundan os testemuños de mulleres que teñen como nexo en común o de, polas máis variadas circunstancias persoais, terse visto forzadas a desempeñar un traballo fóra do ámbito doméstico sen que isto fose percibido como unha posibilidade de promoción persoal

¹⁰ Entrevista con I.P.R, realizada por Julio Prada en abril de 1992.

¹¹ Entrevista realizada por A.F.R. dentro do Proxecto de investigación «A emigración galega a través da fonte oral (1990-1991). Consellería de Educación y Ordenación Universitaria».

ou social, senón como unha simple estratexia adaptativa en resposta a unha situación excepcional que, doutro xeito, nunca tivese alterado o modelo reprodutivo tradicional:

«(...) traballara dende nena na casa, axudando aos meus pais na tenda... Era unha nenuca e xa ía cunha “tina” na cabeza cargada de tripas para lavar no Barbaña. Acórdome que facía moito frío e case non podía con ela e as mulleres aínda me dicían: “nena, pero onde vas con iso, que vas morrer co frío”. Logo había que axudar a desfacer e picar a carne para vender os chourizos, que se picaba todo a man, non como agora, que non é traballar... E axudabas á mamá na casa, coas camas e a comida, porque os meus irmáns eran uns señoritos: os maiores ían ganar o xornal e cando a hora de comer querían ver o prato cheo e había que ter todo na mesa. (...) Despois, cando casei, meu marido non me deixaba traballar, porque non estaba ben visto que unha muller casada traballase fora da casa... (...) As cousas eran así e ti o vías como algo natural, porque ao ser muller nacías para eso e acabouse. (...) Pero claro, despois non daba para todo, para manter a familia e ao que estaba por vir, así que tiveron que marchar... Tiveron que deixalo e volver para a casa dos meus pais cos nenos... E ao pouco foi cando enfermou o papá e deixou de traballar, e como tampouco quería que miña nai tivese o posto sola na Praza de Abastos tivo que deixalo e eu entrei a traballar como dependenta noutro posto, facendo o que sempre fixera na casa... Porque ó faltar o da casa había que buscalo fora, porque senón pasabas da casa dos pais á do marido e acabouse... (...) E alí sigo, que xa vai para vinte e cinco anos, sen faltar un solo día ao traballo e sen coller vacacións»¹².

O mesmo que acontecía no mundo do traballo —meirande transcendencia da realidade social sobre o puramente normativo— poderíamos dicir do impacto inmediato doutras reformas, caso da do Código Civil de 1958 ou da Lei 14/1975, de 2 de maio, sobre reforma de determinados artigos do Código Civil e do Código de Comercio sobre a situación xurídica da muller casada e os dereitos e deberes dos cónxuxes. Os primeiros parágrafos desta última poñen en evidencia o anacrónico da situación herdada e, ao tempo, a «prudencia» que seguía inspirando o labor lexislativo das institucións franquistas nos estertores do réxime:

«Una de las corrientes de opinión fuertemente sentidas en nuestros días en el ámbito del derecho privado, reflejo de auténticas necesidades de carácter apremiante, es la que incide sobre la situación jurídica de la mujer casada. Sufre ésta señaladas

¹² Entrevista con O.R.B., realizada por Julio Prada en xullo de 1991.

limitaciones en su capacidad de obrar que, si en otros tiempos pudieron tener alguna explicación, en la actualidad la han perdido. Por lo demás, las normas en que tales limitaciones se contienen no pasan de tener una efectividad predominantemente formal, creadora de trabas en la vida jurídica, sin la contrapartida de una serfa protección de los intereses de orden familiar.

Las profundas transformaciones que ha experimentado la sociedad hacen aconsejable y conveniente una revisión del derecho de familia. Tal propósito, sin embargo, sólo debe acometerse de manera prudente, tras un atento y detenido estudio de las posibles soluciones, un análisis de la realidad y de las necesidades verdaderamente sentidas, con la guía también de los elementos que puede aportar el derecho comparado y sin desconocer en ningún caso las exigencias éticas que de modo muy particular inciden sobre este sector el derecho»¹³.

Do mesmo xeito, o testemuño antes citado permítenos comprobar a situación de indefensión e o limitado das oportunidades que se abrían a esas mulleres que se atrevían a abandonar o fogar marital para tentar sacar adiante aos fillos:

«(...) Que por que non quedei co posto de miña nai e entrei a traballar para un xefe facendo o mesmo? Pero ti non ves que daquela unha muller casada..., porque eu seguía casada aínda que non vivise co meu marido, que non había divorcio nin estaba ben visto facer eso, pois que unha muller casada non podía ter nada a nome seu. Vamos, que o meu marido podía quedar co posto e con todo se o puñan ao meu nome, e así non quedou máis remedio que ser unha empregada, porque aínda que eu era a facía e desfacía, a que me encargaba de todo, traballaba para un xefe... Aínda despois, cando os meus pais quixeron poñerme a casa ao meu nome, porque eu os coidei hasta que morreron, houbo que facer non sei cantos papeles no notario, porque senón podía quedar, como quen di, con todo... (...) Despois si, cando morreu Franco cambiaron as leis, pero xa non era cousa... Nunca quixen dar que falar, e como na casa non faltaba que comer pois seguías así, que non me arrepinto, pero é verdade que non había dereito, que non era como agora que as mulleres son iguais que os homes.. E así debe ser...»¹⁴.

A devandita Lei de 2 de maio de 1975 significou o fin da obediencia ao esposo e da licenza marital, que concedía a este unha serie de atribucións legais que consagraban o seu poder case absoluto no seo da familia: sen licenza a muller non podía traballar, nin cobrar o seu sala-

¹³ BOE nº 107/1975, de 5 de maio de 1975.

¹⁴ Entrevista con O.R.B., realizada por Julio Prada en xullo de 1991.

rio, nin exercer o comercio, nin ocupar cargos, nin abrir contas correntes en bancos, nin sacar o seu pasaporte, nin o carné de conducir; se contraía matrimonio cun estranxeiro perdía a nacionalidade e era considerada estranxeira na súa propia patria; tampouco podía aceptar ou repudiar herdanzas, aínda que fosen dos seus pais, nin defender os seus bens propios, nin vender ou hipotecar estes bens, nin dispor dos bens gananciais máis que para facer a compra diaria, aínda que procedesen do seu soldo ou salario. Pola contra, o marido podía dispor libremente destes (agás inmobles ou establecementos mercantís) e a muller non tiña máis dereito que a recibir a metade do que quedaba ao falecer el; finalmente, estaba obrigada a seguir ao marido onde fixase a residencia. Pero, como vimos polo anterior testemuño, os cambios nas mentalidades das propias mulleres non sempre foron parellos ás transformacións sociais nin ás modificacións normativas, culminadas coa aprobación da Constitución de 1978, que tamén provocou a división dos colectivos feministas entre partidarias de votala afirmativamente, por considerala un punto de partida para conseguir a igualdade entre os sexos, e as que entendían que seguía a conter inequívocos trazos machistas¹⁵.

3. As mulleres «resistentes»

O estudo da participación feminina na resistencia antifranquista presenta aínda moitas lagoas, en especial no ámbito galego. Nun dos capítulos desta obra profúndase no período comprendido entre o golpe militar e o ano 1945, e aínda que queda moito por investigar do papel das mulleres na loita armada durante a segunda metade dos anos corenta e principios dos cincuenta dende a óptica das protagonistas, isto non é obstáculo para que poidamos caracterizar con certa precisión o seu significado. Como se destaca no mesmo, as mulleres asumen un rol claramente subordinado ao do home; pero subordinado só na medida en que a estes correspondeu a iniciativa e o protagonismo directo da loita armada, o cal, obviamente, non obsta para que este sexa cualificado de esencial pola importancia capital que tiñan as funcións atribuídas ás mulleres, revalorizadas sobre todo pola moderna historiografía de xénero unha vez que os relatos dos protagonistas as minusvaloraron —cando non as silenciaron— ata épocas ben recentes.

O punto e final da loita armada —como acontecera coa guerra civil— non significou a saída dos presos dos cárceres. De feito, moitos dos implicados acabaría pasando máis tempo en prisión que os

¹⁵ Sobre o significado desta dende o punto de vista da constitucionalización da igualdade de xénero vid., por exemplo, MORAGA GARCÍA, M^a. A., “La igualdad entre mujeres y hombres en la constitución española de 1978”, en *Feminismo/s*, 8, 2006, pp. 53-69; PELAYO, M^a. D., “El debate constitucional y las reformas legislativas de la igualdad”, en MARTÍNEZ TEN, C.; GUTIÉRREZ LÓPEZ, P.; GONZÁLEZ RUIZ, P. (eds.), *El movimiento feminista...*, op. cit., pp. 99-131.

penados por, empregado a terminoloxía dos sublevados, delitos relacionados coa «rebelión marxista», os cales puideron beneficiarse das sucesivas medidas de redención de penas aprobadas polo réxime. Nin que dicir ten que as mulleres continuaron, como na etapa anterior e como viñan facendo en contextos ben distintos como a Segunda República, sendo os principais soportes dos mesmos.

Ao tempo, non faltan os primeiros exemplos de mulleres que asumen o papel de resistentes activas na loita contra a ditadura. As primeiras pescudas realizadas por outras investigadoras xa fixeron visible a participación das mulleres asturianas nas folgas mineiras de 1962 e 1968, destacando o seu labor na difusión de consignas e na procura de apoios en diversos ámbitos e, como dende sempre, na súa condición de vítimas das medidas represivas coas que respondeu o réxime¹⁶. Algo parecido aconteceu cos conflitos que se produciron no campo andaluz e en empresas como Pegaso, Renfe, EMT ou a do ourensán Eduardo Barreiros Rodríguez. Antes, en 1946, producíranse os primeiros conflitos laborais protagonizados por mulleres, como acontece nas folgas no téxtil de Mataró, Tarrasa e Sabadell. E no que atinxe a Galicia, resulta paradigmático o conflito das conserveiras de Vigo, que plantan cara ao Sindicato Vertical e conseguen que se lles conceda unha suba de salarios, o principal motivo da súa protesta. Despois viría a destacada presenza feminina nos principais conflitos laborais que sacudiron Galicia durante o tardofranquismo: as folgas nos estaleiros de Ferrol e Vigo, en Citroën, Elnosa e no grupo de empresas Álvarez, ou en protestas tan coñecidas como as das Encrobas, Castrelo de Miño ou Xove.

Mais sería ao longo deses anos sesenta cando, como sinala P. Díaz, «as mulleres foron tomando unha postura independente, autonomizando a loita e buscando formas de organización propia». Xurdiron así as primeiras agrupacións femininas que posibilitaron que, xa nos anos setenta, as mulleres acreditasen «unha capacidade de organización sen precedentes na historia española» que non deixou outra opción aos partidos políticos «que recoñecer esta capacidade organizativa asumindo a loita das mulleres»¹⁷. Coidamos que, no caso de Galicia, aínda son precisos estudos que permitan contrastar empiricamente a intensidade e os resultados desa mobilización feminina para establecer comparacións co período da Segunda República, sen que isto supoña minusvalorar a transcendencia dos movementos de mulle-

¹⁶ Cfr. VEGA GARCÍA, R. (coord.), *Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional*, Gijón, Ediciones Trea-Fundación Juan Muñiz Zapico, 2.002; e FERNÁNDEZ PÉREZ, A. (ed.), *El socialismo asturiano en el exilio. Actas del homenaje a la Comisión Socialista Asturiana*, Oviedo, Fundación José Barreiro, 1994, en especial o capítulo «La mujer en el antifranquismo».

¹⁷ DÍAZ SÁNCHEZ, P., «La lucha de las mujeres en el tardofranquismo: los barrios y las fábricas», en *Gerónimo de Uztariz*, nº 21, 2005, p. 40.

res na España do tardofranquismo e os primeiros anos da transición. Si coincidimos coa autora na necesidade de achegarse á cuestión da resistencia das mulleres no franquismo dende unha perspectiva diferente á dominante polo nesgo androcéntrico presente en moitos deles, o cal, invariablemente, tende a excluír ou a escurecer o seu papel¹⁸.

Nada ten de sorprendente, pois, que neste contexto non se producise a elaboración dun único discurso sobre a «cuestión feminina». A tradición liberal, case monopolizada polos sectores vinculados ao catolicismo progresista de inspiración demócrata-cristiá, tivo como principal voceiro a revista *Cuadernos para el Diálogo*, promovida por Joaquín Ruiz-Giménez e cuxo primeiro número apareceu en outubro de 1963¹⁹.

Dentro da tradición marxista, comunistas e socialistas pugnaron por atraer ao seu campo ás mulleres que se consideraban un grupo dobremente oprimido polo sistema económico vixente e a dominación patriarcal. Daquela, as organizacións de mulleres creadas nos partidos de esquerdas enfrascáronse nunha loita por conseguir que as súas homólogas abrazasen a loita feminista: o Movemento Democrático de Mulleres-Movemento de Liberación da Muller (vinculado ao PCE), a Asociación Democrática da Muller (do Partido dos Traballadores de España), a Unión pola Liberación da Muller (da ORT) e os diversos grupos nucleados polo Movemento Comunista de España e a Liga Comunista Revolucionaria constitúen os mellores exemplos desta estratexia.

De todos eles, o Movemento Democrático de Mulleres (MDM; logo MDMG) foi un dos que acadou un meirande predicamento na sociedade galega da época²⁰. A súa fundación tivo lugar en Madrid en 1965 e foi impulsado por mulleres situadas na disciplina do PCE coa idea de loitar polos presos políticos, denunciar a represión e configurarse como unha plataforma de solidariedade. Daquela, os comunistas eran o único grupo de oposición que contaba cunha sólida estrutura organizativa e que era quen de irradiar a súa influencia en importan-

¹⁸ *Supra*, p. 51.

¹⁹ Sobre a mesma vid. MUÑOZ SORO, J., *Cuadernos para el Diálogo, (1963-1976). Una historia cultural del segundo franquismo*, Madrid, Marcial Pons-Ediciones de Historia, 2006.

²⁰ Sobre o MDM vid. COMABELLA, M., "Movimiento Democrático de Mujeres", en MARTÍNEZ TEN, C.; GUTIÉRREZ LÓPEZ, P.; GONZÁLEZ RUIZ, P. (eds.), *El movimiento feminista...*, op. cit., pp. 247-266; ÁLVAREZ GÓMEZ, M. C., "La movilización femenina en el Ourense de la transición política a la democracia. El Movimiento Democrático de Mujeres", en *Actas del X Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Santander, 2010 (en prensa); ABAD BUIL, I., "Movimiento Democrático de Mujeres: un vehículo para la búsqueda de una nueva ciudadanía femenina en la transición española", en *Actes del Congrés la transició de la dictadura franquista a la democracia*, Barcelona, 2005. Da mesma autora, e para o caso zaragozano, vid. "El movimiento democrático de mujeres de Zaragoza y su función en torno a los presos políticos del franquismo", en *VI Encuentro de investigadores sobre el franquismo*, Zaragoza, 2006, pp. 635-650.

tes sectores da sociedade. O predicamento adquirido polo feminismo norteamericano e europeo e o desexo de continuar ampliando ese ascendente social foron determinantes para que a dirección do partido decidise activar un movemento de mulleres baixo a súa batuta, despois dun primeiro intento frustrado tres anos atrás, e como parte desa estratexia de crear movementos de masas en diferentes sectores sociais. Dende 1969 promoveu a constitución das asociacións de Amas de Casa e de Fogar, que terían un papel moi importante na difusión de información e na denuncia dos problemas dos barrios naque-la España do «desarrollismo».

Aínda que os comunistas eran a referencia ideolóxica, admitía a dobre militancia, polo que había mulleres de diferentes ideoloxías (afiliadas ao PCE, o PSOE, o PT, carlistas, católicas, etc.), tiña un nido carácter interclasista e estaba formado por grupos autónomos que se xuntaban para falar dos problemas que atinxían ás mulleres e estreitar lazos de solidariedade fronte á represión. Con todo, as interferencias do partido no MDM son innegables, por moito que todos os testemuños de mulleres insistan na grande independencia de que gozaban. Neste senso, aínda que as diferenzas provinciais eran notorias (por exemplo, non pode compararse a fortaleza e a pluralidade do MDM de Ourense co doutras cidades galegas como Ferrol ou Vigo), o certo é que os comunistas galegos utilizárono como viveiro de afiliadas —moitas mulleres que ingresaban no MDM acababan achegándose ao partido—, como vehículo de reforzamento das súas propias bases e tentaron subordinarlo á súa propia estratexia de acción política: en 1979 Santiago Carrillo considerou que xa pasara o seu tempo e dispuxo a súa disolución, e aínda que moitas mulleres do MDM seguiron en activo algúns meses o certo é que a organización entrou daquela en declive, ben é verdade que no contexto xeral da crise do movemento feminista.

O seu espallamento pola xeografía española e galega foi moi lento. En Vigo vai ligado á figura da valenciana Carmen Segurana, que chega á cidade olívica en 1969 para coidar dunha irmá enferma, tomando contacto cos comunistas Carlos Barros e Carlos Núñez; daquela entrou a traballar en CENSA coa encomenda de organizar o MDM, renunciando inicialmente a traballar nos sindicatos por disciplina do partido, aínda que a captación de afiliadas desenvolveuse con moita lentitude ata principios dos anos setenta. Unha das súas militantes máis sobranceiras será Margarita Rodríguez Montes, representante sindical na empresa Manuel Álvarez, detida co gallo dos paros nesta emblemática empresa viguesa²¹ En Ourense organizouse a partir de 1975 por iniciativa de dúas mulleres enviadas polo PCE:

²¹ Vid. ABC, 18-X-1972, p. 48.

«(...) Es el Partido Comunista, pues entonces dijeron: una forma de allegarse a las mujeres, y entonces algunas mujeres del partido dijeron pues vais a trabajar con las mujeres y se fundó el Movimiento Democrático de Mujeres. Y entonces aquí debió de ser sobre el 75... Fueron mujeres del partido que se lo encargaron: una Charo Gutiérrez, que era una arquitecta que acababa de llegar de Madrid, muy joven, y después otra, Marta Marroquí, andaluza, que era compañera de Abuín, un histórico de Comisiones... Y bueno entonces, primero el primer contacto, yo entonces no pertenecía al partido, me conocían (...) y vinieron, hablaron conmigo... Ya venían varias y como además eran todas amigas pues les dije que sí»²².

Este grupo inicial, que se reunía nun piso do edificio da Torre, roldaría, segundo os testemuños recollidos, as vinte mulleres: ademais das citadas, María del Carmen Méndez Nóvoa, Teresa Heredero del Campo, María Dolores Alonso Reverter, María de los Ángeles Fernández Tovar, Mayuca Tesouro, Rebeca López de Turiso, María Concepción Álvarez Álvarez, María Consuelo Armesto, Antonia Miraya, Isabel Bustos, Carmen Conde Ansias, etc. figuran entre as militantes do MDM en Ourense. Un ano máis tarde presentouse en Lugo, onde cómpre citar a nomes como Blanca Rodríguez Pazos, Sara Alabau e Teresa Maseda, mentres que en Coruña podemos lembrar a María Luz Somoza Pardo, Teresa Varela e Josefa Méndez. En Ferrol tivo un papel destacado Rosario Alabau Albors, vinculada ao PCE, e en Pontevedra Emma González.

As mulleres do MDM, o mesmo que as dos restantes grupos máis ou menos organizados, reuníanse en casas particulares de simpatizantes e afiliadas, en igrexas rexentadas por curas obreiros ou progresistas, en centros escolares, bares e mesmo aproveitando os locais da Sección Feminina, o que non debe sorprender tendo en conta a realidade do momento. Dende 1968 o MDM publicou un boletín co título de «La Mujer y la Lucha» (en Galicia editouse en Vigo co nome en galego dende 1971, e tamén cabe destacar *Alborada*, de Ferrol) que repartían de porta a porta, en mercados e colexios para captar simpatizantes. A maioría das súas accións, nun contexto no que a represión seguía a ser moi forte, entraban dentro desas estratexias de resistencia e oposición de baixo risco: breves cortes de circulación, cubrir un espazo público con panfletos coas súas consignas, pequenos mitins ou arengas en mercados e colexios e incontables charlas sobre cuestións que interesaban directamente ás mulleres, como os anticonceptivos, a coeducación, a súa situación xurídica, a discriminación no traballo, o matrimonio, os fillos, o divorcio, o traballo doméstico, etc.

²² Entrevista con María Dolores Alonso Reverter, a quen agradecemos todas as facilidades que nos deu para reconstruír a actividade do MDM en Ourense.

As súas reivindicacións tamén estaban moi en relación directa cos problemas e necesidades do contorno social no que actuaban e que afectaban moi directamente ás mulleres: apertura de garderías, máis zonas axardinadas, humanización dos barrios, denuncias pola carestía da vida ou pola situación dos presos, organización de colectas para remediar a situación dalgúns familias con membros represaliados... Daquela, máis que pola incorporación dun acervo especificamente feminista, o MDM caracterizouse pola preocupación polos problemas sociais cotiáns dos lugares onde estaba organizado dende unha óptica feminina, vinculando estreitamente a súa resolución co fin da ditadura e a conquista das liberdades democráticas.

Esta preocupación levouno a propiciar a infiltración de afiliadas nas Asociacións de Amas de Casa de todas as capitais galegas nas que estaba presente nun intento de facerse co control das súas directivas e de operar con maior liberdade aproveitando as escasas fendas que a lexislación franquista deixaba en materia de Asociacións. O resultado final, á espera de traballos en profundidade que permitan constatalo, semella ter sido o fracaso no asalto ás cúpulas dirixentes, case sempre controladas por mulleres vinculadas á Sección Feminina que aínda conservaban unha importante marxe de manobra. Porén, non cabe dúbida que a súa presenza contribuíu a dinamizar estas organizacións, a introducir a lóxica democrática nas mesmas —son varias as entrevistadas que lembran con lexítimo orgullo que a súa acción forzou o primeiro «proceso electoral» despois de corenta anos— e a chamar a atención das mulleres sobre as súas reivindicacións.

Se diferentes eran os puntos de partida respecto á situación das mulleres entre liberais e marxistas —un grupo social atrasado como consecuencia da discriminación á que era sometido que resultaba anacrónico á altura da segunda metade do século XX para o primeiro, e unha vítima desa dobre explotación para o segundo—, diferentes tiñan que ser, necesariamente, as receitas para a «emancipación» que ambos os dous propugnaban referíndose a realidades ben distintas: respectivamente, a educación e a incorporación ao mercado de traballo como medio para promocionarse socialmente e equiparar a súa condición á dos homes dentro dunha sociedade democrática e máis xusta, e a transformación da sociedade en sentido socialista, sen negar a necesidade dunha plena incorporación feminina en todos os ámbitos, no que ambos os dous coincidían.

Porén, calquera que fose a visión existente sobre o «problema da muller» —unha das expresións máis empregadas daquela para referirse á problemática da condición feminina—, o compromiso anti-

franquista prevalecía sobre outras consideracións, caso da definición dun determinado movemento como «feminista». Mesmo foron frecuentes os debates sobre a oportunidade da existencia dun movemento organizado de mulleres nun contexto no que a debilidade obxectiva das forzas de oposición corría o risco de se incrementar se tales organizacións adquirían un elevado grao de autonomía ou centraban as súas reivindicacións en problemas específicos das mulleres, aparcando a loita pola emancipación da clase obreira. Tampouco faltaba quen argumentaba que a creación de estruturas femininas dentro das forzas contrarias ao réxime significaba consagrar a discriminación dun colectivo xa de por si discriminado.

Ao cabo, dende principios dos anos setenta, comezaron a proliferar grupos de mulleres nucleados arredor das máis diversas reivindicacións [a problemática específica dos barrios marxinais —que tamén en Galicia daría pulo ao movemento veciñal, xurdido nas entrañas de barrios especialmente conflictivos como os de Coia (Vigo), Caranza (Ferrol) ou Agra do Orzán (A Coruña), nos que a ausencia de equipamentos se mesturaba coa pantasma do paro e, máis tarde, da droga e da SIDA²³—, a cuestión dos presos políticos, o custe da vida, os problemas que afectaban a amas de casa, a mulleres separadas, etc.] ou ben de carácter sectorial, círculos de estudos, colectivos vinculados a publicacións máis ou menos clandestinas...

A popularmente coñecida como Lei de Asociacións (Lei 191/1964 de 24 de decembro) paliara algo as limitacións iniciais para o exercicio dos dereitos de asociación e reunión, pois deu cobertura legal a unha chea de organizacións que se irán multiplicando co paso dos anos. Como vimos, a nova normativa foi utilizada polas líderes feministas e dos movementos de mulleres para penetrar nas Asociacións de Amas de Casa «para reeducar, concienciar nos seus dereitos e politizar, en definitiva, a moitas mulleres coa escusa de implicarse nos problemas propios do barrio: garderías, carestía da vida, ensino, zonas verdes, auga, semáforos, etcétera. Convertéronse así en instrumentos de reivindicación e vías para descubrir a súa participación social rompendo os ‘códigos de silencio’ a que foran sometidas». Máis tarde exploraríanse outros camiños para avanzar na constitución dun movemento de masas, como foron o «entrismo» nos clubs, asociacións culturais e de pais de alumnos. Paralelamente, foise ampliando a súa base ideolóxica, a conciencia de xénero —a tradución ao castelán en 1965 do libro de Betty Friedman co título de *La mística de la feminidad* non

²³ Cfr. PRADA RODRÍGUEZ, J., “A Galicia do tardofranquismo e dos inicios da transición política”, en *Unha achega ás artes e á cultura na Galicia dos setenta. Portas de luz*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura e Deporte-Centro Galego de Arte Contemporánea, p. 253.

pasou desapercibida en medios universitarios femininos e axudou a que algunhas mulleres comezasen a interrogarse sobre a súa problemática específica— e a necesidade dunha loita política activa²⁴.

4. O movemento feminista no tardofranquismo e a transición á democracia: dos inicios á ruptura organizativa (1965-1979)

Os primeiros estudos sobre a problemática do movemento feminista adoitaban sinalar a existencia de catro fases na súa evolución: xestación (1965-1975), eclosión (1975-1979), crise (1979-1982) e avances cara a un feminismo difuso que coincide coa institucionalización dunha parte do movemento e diversificación doutra²⁵. Máis recentemente, ademais das dúas primeiras etapas sinaladas, adoita distinguirse unha terceira fase (1979-1988) de ruptura organizativa e fin da acción colectiva do movemento; unha cuarta (1988-2000) de redefinición e avance cara ás novas mobilizacións globais; e unha quinta, dende o ano 2000 en adiante, de busca de novas configuracións do movemento feminista²⁶. Neste achegamento, centrarémonos nas dúas primeiras.

A maioría das estudosas dos movementos feministas consideran que ata a desaparición do ditador non pode falarse con propiedade dun gran movemento feminista, senón da existencia de diversos colectivos e asociacións que responden a esquemas similares: son creados por pequenos grupos de mulleres cun nivel de formación elevado, frecuentemente unidas por vínculos ideolóxicos, profesionais ou de amizade, teñen como principais obxectivos denunciar a situación da muller, concienciar e orientar ao colectivo feminino e esixir dereitos políticos e civís nun contexto hostil ás súas reivindicacións²⁷. O pensamento e a práctica destas mulleres estaría vinculado a un dobre pro-

²⁴ ORTIZ HERAS, M., “Mujer y dictadura franquista”, *Aposta. Revista de Ciencias Sociales*, 2006, nº 28 (<http://www.apostadigital.com/revistav3/hemeroteca/ortizheras.pdf>).

²⁵ DURÁN, M^a. A. e GALLEGO, M^a T., “The women’s movement in Spain and the new Spanish democracy”, en D. DAHLERUP (ed.), *The New Women’s Movement: Feminism and Political Power in Europe and the USA*. Londres, Sage, 1986; GRAU BIOSCA, E., “De la emancipación a la liberación y la valoración de la diferencia. El movimiento de mujeres en el Estado Español. 1965-1990”, en *Historia de las Mujeres. Siglo XX*, vol. V, Madrid, Taurus, 1993, pp. 673-693; FAGOGA, C. y LUNA, L. G., “Notas para una historia social del movimiento de las mujeres: signos reformistas y signos radicales”, en *Ordenamiento jurídico y realidad de las mujeres. Actas de las IV Jornadas de Investigación Interdisciplinar*, Madrid, U. Autónoma de Madrid, 1986, pp. 453-462.

²⁶ MARTÍNEZ GONZÁLEZ, M., “El movimiento feminista en la España contemporánea. Avances de una tesis en proceso de construcción” (http://cdd.emakumeak.org/ficheros/0000/0521/MMartinez_Valencia1.pdf, pp. 7-10). A autora non contempla a fase de xestación do momento feminista, aínda que se refire aos avances anteriores a 1975.

²⁷ TOBOSO, P., “Las mujeres en la transición. Una perspectiva histórica: antecedentes y retos”, en MARTÍNEZ TEN, C.; GUTIÉRREZ LÓPEZ, P.; GONZÁLEZ RUIZ, P. (eds.), *El movimiento feminista...*, op. cit., p. 85.

ceso: por unha banda, as transformacións estruturais da sociedade española como consecuencia do proceso de industrialización e de crecemento económico; por outra, as perspectivas de loita pola democracia protagonizadas por diversos movementos sociais que se movían entre a permisividade e a represión da ditadura²⁸. Neste senso, a crise do modelo tradicional de muller propugnado polo réxime como resultado da nova realidade socioeconómica e a toma de conciencia da discriminación a que eran sometidas, unidas á ausencia de liberdades e ao interese que para as forzas de oposición tiña encadrar a este sector da poboación, deron o primeiro pulo á organización destas mulleres²⁹.

En calquera caso, poñamos o acento sobre as transformacións estruturais de natureza socioeconómica ou sobre a estrutura de oportunidades políticas que se abre coa agonía do ditador, o feminismo non debe ser contemplado como un actor pasivo no proceso de transición, polo que cómpre analizar «como un conxunto de actores feministas definen ese contexto da transición como unha oportunidade para construír un movemento feminista; e, doutra banda, como a relación deses actores co contexto da transición configura un movemento cunhas características determinadas». En opinión de M. Martínez, esta vinculación co proceso de cambio político vai imprimir unha serie de características ao movemento feminista entre as que estarían: a defensa primaria da necesidade de cambios lexislativos básicos que permitan superar a tradicional discriminación das mulleres fronte ás reivindicacións relacionadas coa subversión de modelos femininos, coa conseguinte perda de capacidade propositiva e creativa; a división entre as feministas que militan nun partido político e as feministas «independentes» ou «autónomas», que rexeitan calquera vinculación a estes por considerar que están dirixidos por intereses masculinos; e a imposibilidade de falar propiamente dun «movemento feminista español» como consecuencia da realidade plurinacional do Estado e das dinámicas propias xurdidas en cada Autonomía, que lle outorgan unhas características organizativas, ideolóxicas e reivindicativas diferentes³⁰.

Que o feminismo non se inicia por xeración espontánea o confirma a actividade desenvolta por eses grupos que na década anterior centraran a súa actividade na situación da muller, tanto dende o punto de vista académico (velaí o caso da Asociación Española de Mulleres Universi-

²⁸ GRAU BIOSCA, E., "De la emancipación a la liberación y la valoración de la diferencia. El movimiento de mujeres en el Estado español. 1965-1990", en G. Duby y M. Perrot (dirs.), *Historia de las mujeres...*, op. cit., p. 674.

²⁹ Outros autores destacan, sobre todo, a estrutura de oportunidades aberta coa crise do franquismo, insistindo en vincular a aparición do feminismo co movemento democrático contra a ditadura (vid. CASTELLS, M., *Le pouvoir de l'identité*, Paris, Editions Fayard, 1999, p. 231).

³⁰ MARTÍNEZ GONZÁLEZ, M., "El movimiento feminista...", op. cit. pp. 7-10.

tarias —fundada en marzo de 1920 e que retomou as súas actividades en novembro de 1953 na cidade de Oviedo, a cal contou cunha delegación na Coruña xa nos anos setenta— e do Seminario de Estudos Sociolóxicos sobre a Muller, nado en 1960 e non legalizado ata 1977) como organizativo (as Vogalías de Mulleres das Asociacións de Veciños nos barrios) e político (o citado Movemento Democrático de Mulleres, entre outros). Porén, non é casual que a meirande parte dos traballos fixen o ano 1975 como o fundacional do movemento feminista en España.

Un ano, sen dúbida, de forte contido simbólico, pois nel coincidiron a declaración do *Ano Internacional das Mulleres* por parte da ONU coa celebración en Madrid das semiclandestinas *Primeiras Xornadas pola Liberación da Muller*, organizadas como resposta ás conmemoracións oficiais orquestradas polo réxime franquista —en toda Galicia os gobernadores civís botaron man de mulleres vinculadas á Sección Feminina para a organización dos actos oficiais— e nas que a representación galega tivo un destacado papel. A partir desta data institucionalízanse as Xornadas Feministas nas principais cidades do Estado (*Primeiras Xornadas Catalanes de la Dona* de maio de 1976 e *Segundas Xornadas Estatais da Muller* de Granada de decembro de 1979) e prodúcese unha eclosión de grupos feministas á que xa se referiron diversos estudos³¹. No caso de Galicia cómpre destacar as *Primeiras Xornadas Feministas de Santiago*, celebradas na Facultade de Económicas en abril de 1978 e, xa fora do marco cronolóxico desta aproximación, as *Segundas Xornadas de Feministas Independentes do Estado de Vigo* de xuño de 1981.

Dende principios dos anos setenta tamén se multiplican as asociacións de mulleres, entre as que cabe salientar a Asociación Española de Mulleres Xuristas, a Asociación para a Promoción e Evolución Cultural, a Asociación de Mulleres Separadas (1974), a Unión para a Liberación da Muller, a Asociación Universitaria para o Estudo dos Problemas da Muller, Nais Solteiras para a Igualdade Xurídico-Social dos seus Fillos, o Colectivo Xurídico Feminista, a Asociación de Mulleres «Dorna» —fundada no barrio vigués de Coia arredor da parroquia do Cristo da Vitoria e na que axiña destacará Áurea González—, Mulleres Cristiás, Congregacións Marianas, as seccións femininas das Irmandades Obreiras de Acción Católica e da Xuventude Obreira Cristiá, o Movemento de Apostolado Segrar...³². Nestes últimos as mulleres tive-

³¹ Vid., por exemplo, BLANCO, C., *El contradiscurso de las mujeres. Historia del feminismo*, Vigo, Ed. Nigra, 1998, p. 135; FOLGUERA, P. “De la Transición política a la democracia. La evolución del feminismo en España durante el periodo 1975-1988”, en Folguera, P. (comp) *El feminismo en España: Dos siglos de Historia*, Madrid, Fundación Pablo Iglesias/Siglo XXI, 1988; PÉREZ DEL CAMPO, A. Mª, “La contribución política feminista a la transición democrática”, en MARTÍNEZ TEN, C.; GUTIÉRREZ LÓPEZ, P.; GONZÁLEZ RUIZ, P. (eds.), *El movimiento feminista...*, op. cit., pp. 311 e ss.

³² Unha síntese do asociacionismo feminino na transición en PÉREZ-SERRANO, M., “Mujeres en la política de la transición”, en MORANT, I. (dir.), *Historia de las mujeres en España...*, op. cit., pp. 370-377.

ron unha destacada actividade en Galicia, e así cómpre destacar, por exemplo, o labor desenvolvido arredor do Coloquio Rexional das Parroquias de xaneiro de 1979, organizado en Poio pola diocese ourensá e que tivo como eixe de discusión o tema da «Muller Galega». Por non falar do labor de mulleres como a relixiosa ferrolá Engracia Vidal Estévez, impulsora, xunto con Andrés Torres Queiruga, da asociación *Encrucillada*, que xurdiu ao abeiro do Vaticano II para potenciar a reflexión na Igrexa galega; o seu principal voceiro é a revista homónima, publicada ininterrompidamente dende o 27 de febreiro de 1977.

Tamén por estes anos o MDMG principiou a notar a competencia doutros grupos pola captación das mulleres con inxerencias sociais políticas e de xénero. Dende finais de 1975 comezan a xuntarse en Vigo grupos de mulleres de moi variada procedencia ideolóxica (feministas independentes, mulleres vinculadas ao MCG, o PTG e á LCR, etc.) entre as que axiña destacan figuras como a escritora María Xosé Queizán Vilas, Teresa Conde Pumpido, Teresa Mourín, Carmen Santos, Carmen Fernández Castroviejo, Milagros Domínguez, etc. A Asociación Galega da Muller (AGM) constituíuse pouco despois destas xuntanzas previas nas que, a dicir da prensa, tomaron parte arredor de medio centenar de mulleres. A nova organización, presentada formalmente en Santiago en maio de 1976, nacíu xa lastrada polas diferenzas sobre a militancia nos partidos: aínda que, malia a variada procedencia das súas integrantes, había acordo sobre aspectos esenciais para a muller (a defensa dos seus «intereses xerais» e a cuestión do «dereito ao noso propio corpo»), nesas discusións xa estivera presente o debate encol da política feminista dos partidos, que un sector minoritario cualificaba de «inoperante», aínda que non prosperou a iniciativa de crear un partido da muller³³. A AGM empregou frecuentemente os diversos círculos culturais existentes en Galicia para espallar o seu ideario introducindo conferencias de carácter feminista na súa programación. Tal aconteceu nas cidades de Ourense, Ferrol e A Coruña cos seus respectivos Ateneos, coa Galería Sargadelos de Santiago ou co Círculo Ourenseño de Vigo, daquela promovido por Bieito Ledo.

Na maioría das capitais galegas o nacemento da AGM parece vinculado a dous elementos esenciais. Por unha banda, como veremos, á intensificación dos debates no seo do movemento feminista español a raíz da celebración das *Jornades Catalanes de la Dona*. Por outra, ás loitas internas entre os diferentes partidos situados á esquerda do PCE por evitar que este capitalizase no seu exclusivo beneficio a bandeira do feminismo a través do control que exercían as súas militantes no MDMG. Non semella casual que sexan mulleres vinculadas ao MCG,

³³ *El País*, 15/05/1976.

en moitos casos integrantes do MDMG —como acontece, por exemplo, en Ourense con Mayuca Tesouro—, as máis activas á hora de promover a creación das novas seccións da AGM e que as sigan mulleres militantes da LCR e o PTG e tamén independentes desconformes coa cuestión da dobre militancia; estas últimas, posiblemente, entenderon que poderían defender as súas teses con maior efectividade nunha organización nova que dicía ser independente das direccións dos partidos, rexeitar as xerarquías e funcionar en forma asemblearia (o cal, sen dúbida, repercutiu na falla dunhas estruturas sólidas que lle permitisen acadar unha meirande proxección social).

Porén, axiña as mulleres do MCG colleron en moitos casos a batuta da AGM e as tensións non tardarían en reproducirse, tanto con relación á militancia noutros partidos —a que semella ser a discrepancia fundamental— como en cuestións relacionadas co divorcio e a sexualidade. Daquela, a mediados de 1978, as independentes comezaron a abandonar a organización e a buscar acomodo nos novos grupos que comezarán a xurdir a partir de 1979, en particular nas *Feministas Independentes Galegas* (as FIGA) e na *Asociación Democrática da Muller Galega* (ADMG), vinculada ao PTG e á ORT, aínda que tamén pareceu acoller a algunha muller militante do PSOE; estas últimas organizaríanse de xeito maioritario a partir de 1976 (máis serodiamente en Galicia) no colectivo *Mujer y Socialismo*. A ADMG tiña certa presenza en Vigo e Lugo xa dende a segunda metade de 1977 e nela militaban mulleres como Elena Cal Atar, María José Rouco ou Nieves Ibarra. En 1978 integrárase na *Federación de Organizaciones Feministas del Estado Español*, á que axiña nos referiremos.

Ademais da AGM, na primavera de 1976 tamén se estaba a promover unha delegación da Asociación Universitaria para o Estudo do problema da Muller en Santiago de Compostela, que se presentou publicamente en maio de 1976 da man de Carmen Martínez Señoráns, Dolores Varela Salgado, Natividad R. Insua e Dolores Vázquez Villanueva. En agosto dese mesmo ano nacía a *Coordinadora Gallega de Asociaciones Legales de la Mujer*.

Como anticipabamos, ademais da posta en marcha de iniciativas conxuntas e da preocupación por avanzar na construción dun marco teórico —un proceso nada doado tendo en conta a ausencia de referencias propias e os perniciosos efectos que sobre a memoria do realizado polas mulleres durante a Segunda República supuxo o réxime franquista—, as principais reivindicacións destes colectivos pasaban pola introdución de cambios normativos que permitisen avanzar na eliminación das desigualdades legais cos homes e na corrección da situa-

ción de inferioridade en que se atopaban as mulleres en determinadas materias das que eran vítimas principais: eliminación do delito de adulterio e da diferenciación entre fillos lexítimos e ilexítimos, derogación da lei de perigo social, aprobación dunha normativa de divorcio, amnistía para as condenadas por delitos de aborto, adulterio ou uso de anticonceptivos hormonais³⁴.

Asemade, tamén se dan os primeiros pasos para a creación dos primeiros organismos de coordinación que permitan organizar o traballo en común, como a Coordinadora Feminista de Cataluña, a Plataforma de Organizacións Feministas (Madrid) e as Asembleas de Mulleres no País Vasco, aínda que a división do movemento faríase patente no feito de que as Asociacións Democráticas de Mulleres, os Colectivos Feministas e a Unión para la Liberación da Muller permanecesen á marxe destes primeiros ensaios de organización. En 1978 creouse a Federación ou Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español coa intención declarada de coordinar esforzos, difundir as ideas feministas entre as mulleres e o conxunto da sociedade e conseguir levar ao primeiro plano político e social as reivindicacións das mulleres. Funcionaba de forma asemblearia e aberta aos distintos grupos feministas, intercambiando experiencias, debates e actividades sobre diferentes temas. Na lóxica dos grupos que a integraban, nestes primeiros anos, centrou o seu esforzo na demanda deses cambios lexislativos —chegou a elaborar os seus propios proxectos de divorcio e aborto— e na organización de campañas de concienciación social arredor de temas como a liberdade sexual, os dereitos das lesbianas, a violencia machista, etc., polo xeral debatidos en xornadas de ámbito estatal.

A dicir da xa citada M. Martínez, trátase dun período moi fértil no que xa quedan configuradas dúas das disxuntivas que se lle presentarán ao momento durante aqueles anos: por unha banda, a da loita entre as defensoras dun feminismo independente e as que consideraban que era posible unir feminismo e militancia en partidos políticos; por outra, a de como articular un movemento de ámbito estatal ao tempo que se ía configurando nas diferentes autonomías. Sen esquecer, ademais, o debate xurdido arredor da posible «institucionalización» do movemento feminista a raíz da creación da Subdirección

³⁴ A legalización da pílula como método anticonceptivo produciuse en España mediante a modificación do artigo 416 do Código Penal o 7 de outubro de 1978, aínda que a súa comercialización comezara en 1964. Ata entón, fora empregada por milleiros de mulleres como método anticonceptivo, aínda que oficialmente só estaba autorizada para tratamentos xinecolóxicos. Este feito supuxo un paso decisivo no proceso de normalización da situación da muller e das familias españolas, grazas á separación entre sexualidade e procreación, nuns intres en que as estatísticas calculaban en medio millón o número de mulleres que facían uso dela.

Xeral da Condición Feminina —dependente do Ministerio de Cultura— por parte do Goberno da UCD³⁵.

As xa mencionadas Segundas Xornadas Feministas Estatais celebradas en Granada en decembro de 1979 marcan un antes e un despois na historia do movemento feminista e tamén representan a culminación da nosa aproximación a esta problemática. Os enfrontamentos entre esas dúas correntes estouparon á mantenta dos debates dos nove relatorios presentados arredor do feminismo e a súa relación coa loita de clases. Por unha banda, estaba o sector cuxa concepción de loita baséabase na necesidade de transformar a sociedade capitalista noutra de modelo socialista e, a partir de aí, exporse de xeito exclusivo a loita específica da muller. Por outra, as que daquela eran coñecidas como «radicais», para as cales o antagonismo entre home e muller determina, en última instancia, a dinámica das sociedades e dos procesos históricos; daquela, como os problemas da muller son especificamente desta en canto tal e derivados da súa subordinación ao home, xa sexa este proletario ou burgués, a súa inclusión nos partidos políticos condicionaba a súa actuación no movemento feminista.

A vinculación entre a liberación da muller e a transformación da sociedade capitalista noutra de modelo socialista ocasionou, en efecto, unha forte división no movemento feminista. A priori, todas as correntes feministas partidarias desta (o mesmo as relacionadas cos partidos políticos que as que non tiñan vinculación política concreta —caso da Asociación Nacional de Comunicación Humana e Ecoloxía de Barcelona ou a Fronte de Liberación da Muller, que carecían de adscripción partidista pero admitían a dobre militancia, configurando o que se coñeceu como a «terceira vía»—) consideraban que só nun sistema de igualdade económica era posible rematar coa ideoloxía machista imperante, pero tamén eran conscientes que dentro da mesma clase obreira ou traballadora o machismo era unha realidade diaria. Así, por exemplo, para o MDM, a resolución dos problemas da muller pasaban necesariamente pola recuperación das liberdades democráticas, paso previo que permitiría a homologación dos seus dereitos cos dos países europeos do noso contorno; en cambio, para os grupos da esquerda radical

³⁵ MARTÍNEZ GONZÁLEZ, M., "El movimiento feminista...", op. cit., p. 11. O MDM, a Federación de Amas de Casa, a Asociación Democrática de Mulleres e a Unión para a Liberación da Muller amosáronse partidarios de negociar co novo organismo, o que lles permitiu iniciar a colaboración institucional nas diversas provincias a través dos delegados de Cultura, que lles cederon diversos locais, en moitos casos pertencentes á antiga Sección Feminina de Falanxe. Porén, en setembro de 1977, 33 organizacións feministas das 61 reunidas en Madrid manifestáronse rotundamente en contra da negociación fronte a 12 abstencións e 16 a favor. Vid. a descrición da recepción da Subdirección Xeral no seo do feminismo en *El País*, 18/11/1977; para o caso do MDMG, ÁLVAREZ GÓMEZ, M^a. C., "La movilización femenina...", op. cit.

resultaba claramente insuficiente a consecución dun marco democrático «burgués» para solucionar os problemas da muller, polo que era preciso instaurar un sistema socialista —que cadaquén entendía ao seu xeito— como condición necesaria para a súa definitiva resolución.

Pero o verdadeiro cerne da cuestión estaba tamén na presión interna desas correntes políticas ás que estaban adscritas e na posibilidade que tiñan de establecer nelas as prioridades e o ritmo da loita feminista ou quedar condenadas ao papel de simples correas de transmisión dos partidos. Entre as defensoras dunha estratexia contemporizadora estaban as representantes das *Comisiones Obreiras*, dentro das cales as afiliadas galegas acadaran un importante peso (en xuño de 1978 había catro mulleres nos secretariados das CC.OO. de Galicia, que representaban o 12,12% do total, so por debaixo de Madrid)³⁶; estas, aínda recoñecendo o trato vexatorio de que, en ocasións, eran obxecto por parte dos seus compañeiros, argumentaban que cada vez máis traballadores asumían as súas reivindicacións e apoiaban as súas protestas, polo que non era un desatino pensar que se estaba a avanzar cara a unha lenta transformación ideolóxica no machismo dos homes. Porén, para outras, aquilo respondía unicamente a intereses electoralistas debido á súa percepción de que a presenza das mulleres organizadas era cada día máis numerosa, e tampouco estaban demasiado de acordo co argumento de que aínda sería máis negativo para o movemento deixar de facer forza no seo dos partidos para que asumisen as súas posturas. Empar Pineda, pertencente ao Movemento Comunista de España, sintetizouno con claridade cando argumentou que:

«A nosa situación (...) é certamente complicada. Escravizanos os poderosos e, ao propio tempo (..) os oprimidos. (...) Contra quen nos enfrontamos? Para min, a polémica non ten sentido: contra ambos, contra o capitalismo e contra os homes. Contra os primeiros, guerra sen cuartel. Nada nos une. Contra os segundos, loita para que abran os ollos e abandonen o seu machismo, e tamén unidade, porque moitas cousas únennos»³⁷.

Fronte aos anteriores, un pequeno núcleo inicial, claramente situado na órbita do feminismo radical norteamericano e encabezado por Lidia Falcón, defendeu a necesidade dun novo enfoque do problema da muller. O primeiro paso foi a creación dos *Colectivos Feministas*, unha organización aberta e moi flexible que impulsou un fondo debate teórico pero que careceu realmente de operatividade organizati-

³⁶ Estas mulleres eran Manoli García Ruiz, Begoña Domínguez e Margarita Rodríguez Montes [vid. SAN JOSÉ, B., "Feminismo y sindicalismo durante la transición democrática española (1976-1982)", en MARTÍNEZ TEN, C.; GUTIÉRREZ LÓPEZ, P.; GONZÁLEZ RUIZ, P. (eds.), *El movimiento feminista...*, op. cit., p. 363].

³⁷ *El País*, 13/12/1979.

va, polo que tivo que dar paso a unha nova estrutura: a *Organización Feminista Revolucionaria* (OFR), que xa perfilaba o modelo organizativo do futuro Partido Feminista, fundado en 1975 pero que non quedaría rexistrado ata seis anos máis tarde. As súas seguidoras —en especial os Colectivos Feministas de Madrid, a OFR e o grupo *Lambroa* de Euskadi— consideraban que o único xeito de evitar que as distintas concepcións políticas integradas na corrente anterior dividisen ás mulleres era considerar o feminismo como unha opción política resultante de contemplar á muller como unha clase social en si mesma. Segundo elas, a división entre mulleres burguesas e proletarias non deixaba de ser unha falacia, xa que as mulleres, en si mesmas, non eran nin unha cousa nin outra senón que adquirían ese estatus ao contraer matrimonio cun proletario ou cun burgués. En consecuencia, o obxectivo final da loita feminista non podía ser outro que a toma do poder pola «clase muller», tendo en conta ademais que as mulleres ocupaban unha posición específica dentro do que denominaban «modo de produción doméstico», caracterizado pola apropiación do produto do seu traballo por parte do xefe da familia patriarcal³⁸. Pola contra, as teóricas da Fronte de Liberación da Muller de Madrid, consonte á práctica da dobre militancia, preferían distinguir entre un sistema de explotación de clase —contra o que loitaban as forzas de esquerda— e un sistema de opresión de sexo —o patriarcado—, que aínda que tiña unha certa autonomía tamén estaba en boa medida condicionado pola loita de clases³⁹.

A posición das seguidoras de L. Falcón tamén podía considerarse radical dende o punto de vista da sexualidade, ao rexeitar a penetración —segundo elas a gran maioría das mulleres non experimentaba o orgasmo vaxinal— e desmitificar a función do pene como proporcionador de pracer para a muller, reivindicando no seu lugar o clítoris, a masturbación e o lesbianismo. Daquela, xa que para a muller non debería haber ningunha motivación para o coito, a súa aceptación respondía a unha pura imposición cultural vinculada ao seu rol tradicional de femia, pasiva, dócil e resignada, que non era máis que unha manifestación da opresión á que estaban sometidas. Deste xeito, a emancipación sexual e o control da fecundidade quedaban indisolublemente ligados á liberación feminina.

Esta fonda división levou a que nas Xornadas de Granada un grupo dunhas duascenas mulleres presentase un comunicado que a prensa reproducía nos seguintes termos:

³⁸ Cfr. ao respecto FALCÓN, L., *La razón feminista, La mujer como clase social y económica. El modo de producción doméstico*, Barcelona, Fontanella, 1981.

³⁹ AMORÓS, C., “Debates ideológicos en el movimiento feminista durante la transición española”, en MARTÍNEZ TEN, C.; GUTIÉRREZ LÓPEZ, P.; GONZÁLEZ RUIZ, P. (eds.), *El movimiento feminista...*, op. cit., pp. 196-197.

«Nós, que nos consideramos mulleres independentes, queremos facer pública a nosa decepción sobre o desenvolvemento das xornadas, porque, sen identificarnos por completo con ningunha das dúas correntes, cremos que durante estes tres días deberíamos discutir os problemas cotiáns que se nos presentan ao noso redor polo feito de ser mulleres. Negámonos a asinar un cheque en branco aos partidos obreiros e non nos sentimos representadas nestas xornadas»⁴⁰.

Pola súa banda, Gretel Ammann presentou un relatorio no que realizaba unha profunda crítica das dúas posturas anteriores partindo da negativa a empregar a terminoloxía e o método de análise marxista á causa das mulleres. Na súa opinión, non existía contradición entre as «clases» home-muller, senón «diferenza», o que alimentaría o debate entre as partidarias de ambos os dous tipos de feminismos —o da igualdade e o da diferenza, aínda que estas últimas terán unha meirande proxección nos anos oitenta a raíz do desencanto que segue á ruptura de Granada—. En palabras dela,

«A muller é diferente ao home. Xa que logo, non hai que reivindicar a igualdade con el, senón buscar camiños propios. Non imos ocupar o terreo dos homes, posto que ao ser diferentes non nos serve de nada o seu terreo. A toma de poder non serve para nada e só é unha reprodución dos métodos do home (...). Por iso, non serve de nada convencer ás mulleres desde fóra, senón que debe madurar dentro delas o momento consciente de reivindicar a súa diferenza. Temos que separarnos dos homes (e isto non debe interpretarse necesariamente como lesbianismo), senón no sentido de que debemos afastarnos da súa dependencia ideolóxica, social e económica (...). Non cremos en revolucións de futuro prometidas, abstractas, enganosas (...) senón que cada día debemos impor o noso cambio e a nosa diferenza, ata conseguir o terreo que é noso e que nos corresponde»⁴¹.

Tamén, dende a súa vivencia como lesbiana, chamou a atención sobre a contradición que representaba a represión da sexualidade por parte das mulleres tradicionais, na medida en que «estaba mal visto e deixaba ver só o seu lado afectivo», mentres que a muller «progre» ou «liberada» de entón só expresaba a súa faciana sexual e reprimía a súa afectividade por considerala unha especie de romanticismo trasnoitado. O resultado era o empobrecemento e a miseria total da sexualidade, que tamén se trasladaba ao ámbito do rexeitamento da relación en parella que defendían certos sectores feministas, na medida en que confundía a relación de poder e submisión que acompañaba a un tipo determinado de parella —fose hetero ou homosexual— coa relación dual.

⁴⁰ *El País*, 09/12/1979. Crónica asinada pola enviada especial do xornal Joaquina Prades.

⁴¹ *El País*, 13/12/1979. Cfr., así mesmo, AMORÓS, C., "Algunos aspectos de la evolución ideológica del feminismo en España", en BORREGUERO, C. et al., op. cit., pp. 42-55.

Houbo, así mesmo, diferenzas de enfoque respecto da revisión crítica da institución matrimonial, da institución familiar e da educación discriminatoria cara á muller que se impartía nas escolas e, en particular, a imaxe que transmitían os libros de texto de nenos e nenas. Durante os debates puxéronse de manifesto algunhas das contradicións e conflitos cos que se enfrontaba o movemento feminista, e así, fronte ao maioritario rexeitamento do matrimonio das asistentes, a realidade era que diariamente a gran maioría das españolas continuaban casando e formando familias. Neste senso, a Asociación Galega da Muller someteu a revisión crítica o comportamento daquelas parellas que, dicíndose progresistas, xustificaban o seu matrimonio argumentando que, aínda que para elas nada representaba, así aforraban problemas coa familia, o traballo ou os veciños. As feministas galegas defenderon que a única lei válida para unha vida en común entre un home e unha muller, un home e outro home, unha muller e outra muller, era, simplemente, o acordo desas persoas para vivir xuntas. Ao tempo, criticaban esa postura acomodaticia porque «estase aceptando unha norma social cada día máis desprestixiada e estase aceptando ademais que outras formas de convivencia son menos viables»; especialmente grave parecíanlles casar pola Igrexa, que equivalía a «fomentar que esta institución siga interferindo nos asuntos civís e significa tamén aceptar, por máis que sexa formalmente, as ideas brutalmente antifeministas que a Igrexa sustenta»⁴².

4. Conclusión

Como expuxemos nas páxinas anteriores, o movemento de mulleres durante o tardofranquismo e a transición o mesmo presenta luces que sombras. En primeiro lugar, a notable fragmentación organizativa e as disensións teóricas lastraron as posibilidades de exercer unha máis efectiva influencia dende o punto de vista político-institucional no proceso de cambio experimentado por España durante aqueles anos, debido á ausencia dunha liña estratéxica clara e dunha nítida definición de obxectivos comunmente compartidos. En contrapartida, dotouno dun notable dinamismo e viveza que mesmo posibilitou experimentar variadas formas de acción e tácticas e estratexias do máis diverso; algo común a moitos dos denominados «novos movementos sociais», pero que, no caso

⁴² Cando este tema sometese a debate quedou clara a división entre as partidarias de destruír a institución matrimonial e familiar por impedir o libre desenvolvemento das persoas, e as que defendían a necesidade de avanzar a curto prazo diante da constatación de que a inmensa maioría das mulleres estaban integradas nas normas tradicionais. As propias representantes galegas no seu manifesto recoñecían implicitamente esta realidade cando afirmaban que: «Non dicimos que haxa que emprender hoxe a batalla frontal contra o matrimonio, porque para miles de mulleres casar é a realización das súas aspiracións e quedar solteiras é socialmente un síntoma de fracaso para a muller. Carecemos de forza no momento presente (...) para lanzar unha batalla de tal magnitude» (cfr. *El País*, 8/12/1979).

español e galego, supuxo unha clara ruptura coa compracente práctica do «consenso», mitificada durante aqueles anos, debido á espiral crecente de reivindicacións que xeraba a resolución dunha delas e ao moito camiño que quedaba por percorrer ata a consecución dunha igualdade real (pensemos, por exemplo, que distinto significado tiña a «amnistía» para os partidos políticos e para as feministas, conscientes de que esquecía as mulleres que aínda sufrían prisión pola consideración de «delito común» que tiña o aborto, como antes pasáralles ás acusadas de «adulterio»).

En segundo lugar —e isto tampouco é exclusivo de Galicia e de España—, este feminismo da «segunda onda» supuxo un salto cualitativo dende o punto de vista reivindicativo respecto ás pioneiras do feminismo: se ben, inicialmente, como insistimos, a súa aspiración primaria foi a de acadar a igualdade de dereitos co home na esfera pública —algo perfectamente lóxico tendo en conta cal era o punto de partida—, propuxo un cambio radical nas relacións entre as persoas e na mesma constitución da súa identidade que implicaba a creación dunha cultura nova no que atinxía ás relacións entre os sexos. Unha nova cultura que implicaba, en primeiro termo, unha especie de nova forma de fraternidade entre as mulleres que conduciu á creación dun marco relacional plasmado en redes alternativas de apoio mutuo para dar resposta aos seus problemas e reivindicacións e que abranguían dende asesorías xurídicas a clínicas de control da fecundidade, pasando por cooperativas, librerías, publicacións feministas (posiblemente *Vindicación Feminista* resultase paradigmática neste apartado), espazos propios de sociabilidade, etc.

En terceiro lugar, non resulta doado valorar dun xeito ecuánime o impacto real dos diferentes feminismos nas transformacións sociais daqueles anos en todo o Estado e, en particular, no que atinxe ao ámbito galego. Necesitamos aínda moitas máis investigacións para sustentar cientificamente as afirmacións que atribúen en exclusiva á súa acción os avances en prol da igualdade entre homes e mulleres —primeiro mediante a remoción dos obstáculos legais herdados do franquismo que a impedían e despois a través do fomento de políticas de discriminación positiva—, os cambios na tradicional concepción sobre o rol destas últimas, a posta en cuestión das prácticas sexuais «acceptables» ou a maioritaria aceptación da diferenza, pois estamos a falar dun complexo proceso de retroalimentación múltiple e nada unidireccional.

No entanto, non parece que poida cuestionarse a influencia deste amplo e complexo movemento na asunción pola maior parte das forzas políticas —primeiro as de esquerda, e máis tarde mesmo nas de significación dereitista— dunha parte do seu ideario; talvez non da súa faciana máis rupturista no formal, pero si no substancial en ámbitos como as

políticas de fomento da igualdade ou a reformulación dun novo concepto de cidadanía que ampliou o recoñecemento social de colectivos ata entón excluídos. E aínda que non resulta doado calibrar en que porcentaxe isto responde a un exercicio de cálculo político destinado a obter unha rendibilidade electoral —ben sexa directamente a través da mobilización de sufraxios, ben bloqueando a posibilidade de que o adversario capitalice este discurso en exclusiva— ou a unha viraxe programática resultante da asunción normalizada e compartida das súas propostas, o certo é que parece difícil que, na actualidade, calquera formación poida permanecer á marxe do sentir social en prol dos dereitos das mulleres.

Dende este punto de vista, pode parecer paradoxal que un movemento que nunca foi de masas nin conseguiu empatizar coa maioría das mulleres —nin sequera nos seus mellores anos contou cun potencial mobilizador comparable ao doutros contemporáneos— acabase por conseguir ser identificado como un dos principais motores da «cultura da protesta». E, sobre todo, que moitas das súas reivindicacións fosen asumidas como auténticas políticas de Estado e mesmo que o poder comprendese a utilidade que a súa institucionalización podía ter nunha determinada conxuntura histórica. Algo que non deixa de resultar sorprendente tendo en conta a comparativamente escasa presenza de mulleres en Cortes durante as dúas primeiras lexislaturas⁴³ ou o feito incuestionable de que o movemento feminista dos anos setenta fose moi minoritario; aínda máis minoritario que os xa de por si minoritarios movementos de oposición ao franquismo, caso do estudantil ou do obreiro. E outro tanto poderíamos dicir dende o punto de vista social e das mentalidades: a dificultade para medir que porcentaxe do cambio na conciencia das mulleres e homes de hoxe e daquela —e, por conseguinte, das actitudes sociais— é atribuíble directamente á súa acción. Porque, ao cabo, as demandas dos colectivos feministas daquela anticiparon o que hoxe son piares do noso modelo de convivencia en moitos ámbitos como o da igualdade absoluta ante a lei (modificación das leis discriminatorias herdadas do pasado), os avances cara ao Estado social (multiplicación dos servizos sociais), a separación da Igrexa e o Estado (divorcio, coeducación...), a ampliación do catálogo de dereitos e liberdades individuais (aborto, matrimonio homosexual...), desenvolvemento económico e social (pleno acceso á educación e ao traballo, bases imprescindibles para situármolos entre os países punteiros do noso contorno), etc.

⁴³ Nos comicios do 15 de xuño de 1977 foron proclamadas 653 mulleres candidatas ao Congreso fronte a 5.019 homes (13,01%) e 37 candidatas ao Senado fronte a 932 homes (3,97%), e só 21 mulleres ocuparon un escano no Congreso e 6 no Senado, das cales dúas foron de designación real; nas lexislaturas do 1 de marzo de 1979 só houbo un 12,12% de mulleres proclamadas candidatas ao Congreso e o Senado e só resultaron elixidas 19 deputadas e 6 senadoras (vid. PÉREZ-SERRANO, M., "Mujeres en la política...", op. cit., pp. 382-383). Unha ampla relación das mulleres que tiveron un protagonismo máis destacado na transición pode verse en ASOCIACIÓN «MUJERES EN LA TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA», *Españolas en la Transición. De excluidas a protagonistas (1973-1982)*, Biblioteca Nueva, Madrid, 1999.

Para una adecuada Planificación Familiar,
necesitamos:

- Centros de planificación familiar.
- Educación sexual.
- Amplia información y orientación sobre métodos anticonceptivos, al alcance de todos.
- Y todo ello a cargo de la Seguridad Social.



Movimiento Democrático de Mujeres de Galicia (M. D. M. G.)

Sede Social: calle Carros Enríquez, 20-2. ORENSE
Teléfono: 2112 08 (Miércoles desde las 5)

1



2



3

- 1-Campaña de Planificación familiar do Movemento Democrático de Mulleres.
2-Tríptico MDM (anverso). Archivo Dolores Alonso Reverter.
3-Celebración 8 de marzo. Mulleres do MDM de Ourense. Archivo Privado de Dolores Alonso Reverter.

© Jesús de Juana López, Julio Prada Rodríguez, Carmen Benso Calvo, Rosa María Cid Galante, María Victoria Martins Rodríguez, Ana Cebreiros Iglesias e María Concepción Álvarez Gómez.

© Ir Indo Edicións
Avda. Florida, 30
36210 - Vigo
Tlfn: 986 21 12 12
Fax: 986 21 11 33
administracion@irindo.com

Editor: Bieito Ledo
Corrección lingüística: Anxo Rajó Pazó
Maquetación: Basilio Pedreira Couñago
Impresión: Agencia Gráfica Gallega

ISBN:978-84-7680-684-5
Dep. Legal: VG 898-2011

AS MULLERES EN GALICIA NO SÉCULO XX

Jesús de Juana López
Julio Prada Rodríguez

(directores)



UNIVERSITARIA